

1

Líder

BASKET

ZELTIA
PRESAS



ZELTIA PRESAS SANTOS

MVP 2019

BALONCESTO BASE LUCENSE



A Gala Líder ao baloncesto base lucense encheu un ano máis o auditorio da Facultade de Veterinaria de Lugo grazas á asistencia da gran familia do basket da provincia | Adrián

Concello de Lugo, Durán Maquinaria e Cafés Candelas foron os MVPs anónimos da Gala

A VI EDICIÓN DOS PREMIOS LÍDER AO BALONCESTO BASE LUCENSE contou ademais coa presenza de Esther Castedo, Pablo Ferreiro e Maximus, a mascota do Breogán

O suplemento Líder Basket que cada martes sae encartado nesta sección da Voz de Galicia a nivel Provincial e que está a punto de cumprir os 200 números publicados, organizou a VI Edición dos Premios ao baloncesto base lucense. Unha cita xa tradicional na recta final de cada tempada na que se recoñece o esforzo colectivo e individual de clubs e xogadores, adestradores e árbitros da canleira lucense.

Este é ademais o xeito que ten o suplemento Líder de agradecer a colaboración semanal para a confección da publicación, cun acto aberto a todo o público e no que os xogadores e xogadoras son os únicos protagonistas.

Pero para que esta Gala se leve a cabo e cada premiado, máis de 100, leve o seus premio personalizado e se vexa reflexado cun vídeo persoal no momento no que sobe ao escenario, é necesaria a colaboración dos patrocinadores.

O Concello de Lugo,

representado na Gala pola Alcaldesa Lara Méndez e o Concelleiro de Deportes, Miguel Fernández, un dos grandes valedores da Gala, acompañaron aos premiados e entregáronlle a Zeltia Presas o MVP 2019.


Manuel Durán, en representación de Durán Maquinaria, volveu ser unha peza clave nesta entrega de premios ao baloncesto base lucense. O presidente e patrocinador do Ensino, ademais de apostar polo deporte de elite facendo que a Liga Día teña unha parada obligatoria en Lugo coa escala na nosa cidade do mellor baloncesto europeo, tamén volveu a deixar patente o seu compromiso e aposta polo deporte de base. Do mesmo xeito que Cafés Candelas, con Moncho Alonso, presente na VI Gala dos Premios Líder. O patrocinador principal do Breogán tamén estivo nesta edición da Gala Líder.

Na entrega de premios, esta edición contou con dous nomes propios moi ligados ao baloncesto base

Provincial. Esther Castedo, que actualmente milita na Universidade Robert Morris dos Estados Unidos, é a única xogadora ou xogador que repetiu MVP nunha Gala dos Premios Líder, alzándose co trofeo en 2014 cando militaba no Estudiantes Leyma e no 2018, sendo xogadora do Durán Maquinaria Ensino. Pablo Ferreiro tamén foi MVP do baloncesto base lucense en 2016. Actualmente Pablo milita no Basquet Coruña de LEB Ouro e volveu a unha Gala dos Premios Líder para compartir cos máis novos a súa impecable traxectoria tanto dentro coma fóra das pistas.

Unha edición máis, o xornalista e periodista da TVG, Terio Carrera, foi o encargado de dirixir a Gala, sorprendendo unha vez máis aos premiados e levando as rendas como un base All-Star.

A primeira das sorpresas da Gala foi nada máis empezar coa aparición de Maximus, o maior animador do Cafés Candelas Breogán,



Terio falando con Esther Castedo e Pablo Ferreiro, acompañados de Maximus

e a recoñecida esta tempada como mellor mascota da Liga ACB, que acompañou aos premiados sobre o escenario durante todo o evento.

O clásico tema musical do Bella Ciao, que cada semana soa nos partidos

do Breogán no Pazo dos Deportes, tamén se entonou no Auditorio de Veterinaria, coas luces dos teléfonos móbiles acendidas por parte de todos os asistentes, que agardaban un dos momentos estelares da Gala, o nomeamento do MVP do

baloncesto base lucense 2019. Nesta edición Zeltia Presas recibiu o galardón e despois proxectouse un vídeo homenaxe no que participaron adestradores, familiares e compañeiras da xogadora do Estudiantes Leyma.



Esther Castedo e Moncho Alonso foron os encargados de entregar os premios aos compoñentes do mellor equipo júnior de Primeira División, con Miguel López como mellor adestrador

Equipo ideal júnior Galega 2019

XOGADORES E XOGADORAS DO ESTUDIANTES LEYMA E DURÁN MAQUINARIA ENSINO formaron o mellor conxunto da tempada na máxima categoría do baloncesto base

Un dos equipos ideais máis complicados de confectionar foi o júnior mixto de Primeira División, xa que a tempada realizada polos tres representantes lucenses foi espectacular. Todos eles disputaron o Campionato de España, acadando Estudantes os dous subcampións galegos e o Ensino o terceiro posto feminino.

Miguel López foi elixido mellor adestrador, pero tanto Marcos López coma Fernán Varela poderían acompañalo perfectamente para dirixir a unha maravilla de equipo que

esta formado por Iago Fernández, Titas Janusevicius, Mark Hetor e Lucas Álvarez, este último elixido MVP masculino, ademais de Ana de Matias, Adriana Cedrón e Zeltia Presas, MVP feminina, do Estudantes, e Carmen Leboeiro, Carmen Rocio e Marina Canzobre do Durán Maquinaria Ensino.

Oito dos dez xogadores e xogadoras deste equipo ideal 2019 rematan a súa etapa de formación. Tan só Lucas Álvarez e Carmen Leboeiro seguirán sendo a próxima tempada xogadores en idade júnior.



Esther Castedo felicitando a Zeltia Presas polo MVP da categoría ante Moncho Alonso



“Este ano foi complicado, con múltiples lesións e enfermidades que me restaron partidos. É un honor gañar este MVP, paréceme un gran traballo premiar e recoñecer o esforzo nestas categorías. É un trofeo que se debe á axuda dos compañeiros, adestradores e familia, que están sempre axudándome para mellorar como xogador e como persoa, así que dedícollo a todos eles ”

LUCAS ÁLVAREZ Estudantes



Terio Carrera e Lucas Álvarez tras recibir o xogador estudantil o MVP masculino

Mellor equipo cadete Galega

CONXUNTO FORMADO POR XOGADORES E XOGADORAS do Estudiantes Leyma masculino e feminino e do Cafés Candelas Ensino. Jose Olloqui e Maite Franco foron os MVP da categoría



Manuel Durán, de Durán Maquinaria, e Moncho Alonso, de Cafés Candelas, posan xunto aos premiados no mellor conxunto cadete mixto de Liga Galega e con Maximus

“O certo é que non me esperaba gañar o MVP. Por circunstancias non chegamos á Final Four, aínda que creo que a nosa temporada foi moi boa en liñas xerais”

MAITE FRANCO Durán Ensino



Yashina Lebron, Claudia Corujo e Laura Fernández, de Estudiantes feminino; Anxo López, Jorge Fernández "Pilli", Jose Olloqui, Pedro Fernández, de Estudiantes masculino e Maite Franco, Natalia García e Nuria Bermúdez de Durán Maquinaria Ensino, foron os premiados que formaron o conxunto ideal cadete mixto de categoría Autónoma. Un equipo que estaría adestrado por Javier Peinó, técnico de Estudiantes masculino, que non puido estar presente nesta Gala.

Os encargados de repartir os galardóns foron Manuel Durán, de Durán Maquinaria, e Moncho López, de Cafés Candelas. Eles tamén foron os encargados de outorgar os MVPs ao mellor xogador e mellor xogadora da categoría. Maite Franco, de Durán Maquinaria Ensino, e o celeste Jose Olloqui foron os elixidos. Non era a primeira vez para a xogadora ensina, pero si para Olloqui, que viu desta forma recoñecido o seu esforzo e sacrificio ao longo de toda a temporada.



“A Gala está moi ben organizada e foi moi emocionante, a xente saía moi contenta. Dedicolle a premio a todos os técnicos que me adestraron ata agora”

JOSE OLLOQUI Estudiantes



Maite Franco, MVP cadete feminino, fala con Terio Carrera tras recibir o galardón



Jose Olloqui recibindo o premio de MVP cadete masculino de mans de Manuel Durán

Equipo ideal infantil 1ª División

PABLO FERREIRO E MONCHO ALONSO foron os encargados de galardoar ao equipo ideal desta categoría, formado por xogadores e xogadoras de Estudiantes e Club Baloncesto Burela



O lucense Pablo Ferreiro, de Basquet Coruña, e Moncho Alonso, de Cafes Candelas, premiaron ao mellor equipo da categoría infantil de Primeira División, que posou xunto a Maximus

Pablo Ferreiro, MVP do baloncesto base lucense na temporada 2015/2016 e agora xogador de Basquet Coruña, e Moncho Alonso, de Cafes Candelas, repartiron os premios aos mellores xogadores e xogadoras infantis de primeira división.

Un equipo formado por Brais Redondo, Candela López, Cristian Darriba, Iria Menor, Joel López, Marta Fernández e Óscar Rodríguez -todos eles de Estudiantes-, e polos mariñaos do CB Burela, Antón Expósito, Carlos Bris e Marcos Blanco. Ángel Riobóo, adestrador de Estudiantes Leyma masculino, foi galardoado co premio ao mellor técnico, e aínda que non

puido asistir á Gala os seus xogadores encargáronse de recoller o trofeo.

Os celestes Marta Fernández e Joel López foron elixidos como MVP's da categoría. Ambos son pezas clave nos seus respectivos equipos, que a próxima fin de semana loitarán nas Final Four por unha praza nos campións de España infantis masculino e feminino.

As de Julia Pena enfrontábase a Peleteiro nas semifinais en Santiago, mentres que os de Ángel Riobóo xogarán en Ourense ante Culleredo por unha praza na final, que sería ante o gañador do duelo entre Bosco e Basquet Coruña.



Terio Carrera falou coa celeste Marta Fernández, MVP da categoría infantil feminina



Joel López, MVP masculino, posando xunto a Moncho Alonso e Pablo Ferreiro

“A gala foi moi bonita, encantoume. Gustaríame dedicarlle o MVP a todas as miñas compañeiras e adestradores”

MARTA FERNÁNDEZ, Estudiantes Leyma

“Dedícolle o premio aos meus compañeiros, á miña familia e ao meu adestrador, que estivo sempre ao noso lado”

JOEL LÓPEZ, Estudiantes Leyma



Pablo Ferreiro e Miguel Fernández acompañaron aos premiados na categoría preinfantil, que estarían dirixidos por Nico Fernández, ausente na Gala

Equipo ideal preinfantil Galega

DIEGO SERGUEI MASEDA SOILÁN E SARA GONZÁLEZ foron os MVPs dun equipo formado por xogadores e xogadoras de Estudiantes e Maristas e dirixido por Nico Fdez

O Concelleiro Miguel Fernández e o xogador lucense do Basquet Coruña, Pablo Ferreiro, foron os encargados de entregar os premios ao mellor equipo da tempada preinfantil de Liga Galega. Un conxunto formado por xogadores e xogadoras do Estudiantes Leyma e Maristas Lugo, asinando os tres unha tempada para enmarcar. Os dous equipos celestes remataron a competición sendo subcampións galegos e o colexial terceiro, polo que se asegurou unha praza a próxima tempada na Liga Galega infantil. Os tres equipos loitaron ata o final polo título autonómico.

Sara González, lesionada de larga duración esta tempada, recibiu o MVP feminino, e Diego Serguei Maseda Soilán, tamén do Estudiantes, o MVP masculino, demostrando ambos co resto dos seus compañeiros que neste equipo está seguro un futuro MVP do baloncesto lucense.

Samuel Viño, Néstor Viño e Julián Longarela do Maristas, Ana Álvarez, Aroa Piñeiro, Laura Martínez, Brais García e Diego Rozas completaron o mellor equipo da tempada preinfantil.

“Encantoume ver na Gala a Maximus. Son tímida e deume un pouco de vergoña, pero foi un orgullo ver ao Auditorio coreando o meu nome”

SARA GONZÁLEZ Estudiantes

“Fíxome moita ilusión recibir o premio, motivame para seguir traballando. Dedicollo aos meus compañeiros, xa que é un deporte de equipo, a Nico e Ángel e á miña familia”

DIEGO SERGUEI Estudiantes



Maximus cos premios de Sara González, que recibiu un caluroso apoio dos presentes



Diego Serguei, MVP masculino, charlando con Terio Carrera tras recibir o galardón

Equipo ideal minibasket Galega

XABI LÓPEZ-ACEVEDO, DO CB SARRIA, como mellor adestrador dun conxunto que demostra que o futuro do baloncesto base lucense está asegurado e en boas mans



Pablo Ferreiro e Esther Castedo foron os encargados de entregar os premios ao mellor equipo alevín de Liga Galega da tempada 2018/2019

O baloncesto lucense competiu esta tempada cunha armada formada por catro equipos na Liga Galega alevín masculina e un na feminina. A máis ampla dende a súa creación pero ademais do número de equipos, a calidade dos mesmos deixa claro que o futuro do baloncesto base lucense está asegurado e en boas mans.

O mellor equipo estivo formado por xogadores do Sarria, Ría de Ribadeo, Estudiantes e Maristas, ademais de dúas xogadoras, Daniela Prado e Alma Blanco, do Estudiantes. Ambas compartiron o MVP feminino da categoría e ambas deron sobre o escenario unha mostra de deportividade ao recibirlo con alegría e soltura ante as preguntas do presentador, que levantaron os aplausos de todos os presentes no Auditorio.

O resto do equipo ideal alevín 2019 de Primeira División está formado polos xogadores do Ría de Ribadeo, Martín Otero e Alejandro González; do Maristas Lugo, Néstor Viño e Carlos Cabo e do CB Sarria, Brais López e Uxío López-Acevedo, que ademais foi o MVP masculino nun equipo no que o mellor adestrador da tempada foi o seu pai Xabi López-Acevedo.



“A Gala gustoume moito, e encantoume o premio coa miña foto. Gustaríame dedicarllo á miña familia e a todo o CB Sarria”

UXÍO LÓPEZ-ACEVEDO CB Sarria



“O premio foi unha sorpresa, e ademais puiden compartilo coa miña compañeira”

DANIELA PRADO Estudiantes

“Dedícolle o premio aos meus equipos de Mini e de Preinfantil”


ALMA BLANCO Estudiantes



Uxío López-Acevedo, MVP masculino, con Terio Carrera



Pablo Ferreiro e Esther Castedo coas MVP celestes, Alma Blanco e Daniela Prado



Os Premios Líder volvéronlle dar visibilidade á labor arbitral

SEIS COLEXIADOS E XUÍCES DE MESA, algúns na etapa inicial da súa formación, recibiron os galardóns proxectando un chamamento á cordialidade e ao respecto dentro das canchas

Os Premios Líder ao baloncesto lucense recoñeceron por segundo ano aos mellores árbitros da temporada, uns galardóns que, máis aló de nomes propios, pretenden visibilizar a labor arbitral e subliñar o imprescindible papel que desempeñan no desenvolvemento das competicións.

Os árbitros Ana Losada, Iván Matías e Candela González -de iniciación- e mais os oficiais de mesa Alfredo Gómez, Pedro Roca e Marta López - tamén de iniciación - subiron ao escenario para recoller os premios, que recibiron de mans de Manuel Durán.

A Federación Galega de Baloncesto propuxo ás premiadas e premiados, incluíndo no elenco

a persoal que está na etapa inicial da formación, comezando a dirixir partidos nas competicións de base. Co lema "Faite árbitro", a Fegaba desenvolve durante a temporada unha campaña de captación de alumnos e alumnas.

Ademais dun recoñecemento individual á traxectoria formativa ou profesional dos premiados, a súa presenza na gala supón un chamamento á cordialidade e ao respecto nas canchas.

Os árbitros agradeceron esa dimensión simbólica dos premios. Entrevistado por Terio Carrera tras recibir o galardón, o oficial de mesa Alfredo Gómez destacou o bo ambiente que se respira xeralmente nas gradas.



Os premiados, cos seus galardóns, posan para a foto de familia escoltados por Manuel Durán e pola mascota Maximus



Terio Carrera conversa co oficial de mesa, Alfredo Gómez, tras a entrega dos galardóns



Os árbitros soben ao escenario para recoller os galardóns da man de Manuel Durán



MVP 2019 ZELTIA PRESAS



Familiares fotografiando aos premiados ao remate da Gala no Auditorio de Veterinaria



Lucas, Titas, Luis e Diego eufóricos | **Adrián**



Maximus, Antón Xirei e Lara Méndez



Yashina Lebron cara o escenario | **Adrián**



Ana, Claudia, Laura, Candela e Zeltia na Gala



Carmen, Marta, Emma e Carolina



O Estudiantes preinfantil subcampión galego



Maite, Carmen, Marina, Leboreiro, Natalia e Aigor



Maximus con Julián Longarela



A VI Gala de Premios Lider ao baloncesto base lucense celebrouse o pasado venres 17 de maio.



O Auditorio de Veterinaria, repleto e ao compás baixo o son do Bella Ciao, nun dos momentos



Os equipos júnior do Ensino e o Estudiantes recibiron un recoñecemento especial



Maximus con dúas asistentes | **Adrián**



Terio Carrera dando a benvida a todos os

AO BALONCESTO BASE LUCENSE 2019

premioslider 2019
 lucense



Día das Letras Galegas, no Auditorio da Facultade de Veterinaria de Lugo | **Adrián Vázquez**



Os finalistas ao MVP: Serguei, Julián, Zeltia, Maite e Lucas, antes da elección final



Ricardo Uriz no video homenaxe a Zeltia



Maite e Lucas con Zeltia ao coñecerse o MVP



Zeltia vendo o seu video homenaxe



momentos da entrega de premios | **Adrián Vázquez**



Tres MVPs xuntos: Esther, Zeltia e Pablo



Burela e Ribadeo, dos máis activos | **Adrián**



A mariña lucense tivo un papel protagonista



Os campións provinciais de Sarria | **Adrián**



asistentes a VI Gala Lider | **Adrián Vázquez**



Daniela, Maximus, Carla e Adriana | **Adrián**



O Burela, campión provincial infantil | **Adrián**



Pilli, Joel, Aless e Cristian na Gala | **Adrián**

O quinteto ideal júnior masculino de Segunda División

OSCAR ENGROBA foi elixido mellor adestrador da competición polos entrenadores rivais e dirixiría a un equipo formado por xogadores do Burela, Viveiro, Estudiantes e Hierros Ferreiro

Dani López, de Hierros Ferreiro; Julián Moreno e Ángel Cayón do CB Burela, Diobis Imbert do CB Viveiro e Diego Villadóniga, de Estudiantes, conformaron o quinteto ideal de Segunda División júnior, un conxunto que sen dúbida destacaría polos seus números no tiro exterior, punto forte de boa parte dos seus integrantes.

No banquiño desta selección lucense sentaría Óscar Engroba, adestrador de Hierros Ferreiro.

Os seis premiados individuais, elixidos polas votacións emitadas polos adestradores e equipos lucenses da categoría, subiron ao escenario do auditorio da Facultade de Veterinaria para recoller os seus galardóns personalizados.

Pablo Ferreiro e Esther Castedo, dous baluartes da canteira lucense e referentes moi cercanos para os premiados, foron os encargados de repartir os galardóns.

As felicitacións deron paso á expectación que, de novo, marcou o momento no que se deu a coñecer o nome do elixido como MVP da categoría.

A intriga resolveuse coa elección de Dani López, xogador de Hierros Ferreiro, que sobresaíu como máximo anotador de triplas da liga.

Os seus puntos foron ouro para un Hierros Ferreiro que se alzou co título provincial de Segunda División júnior masculino. Os de Óscar Engroba mandaron na súa liga cun equipo formado exclusivamente por xogadores de primeiro ano.

Todos eles subiron ao escenario para recoller tamén os galardóns de campións provinciais de mans de Pablo Ferreiro e Esther Castedo, un título que lles permitiu competir cos mellores equipos da zona norte de Galicia na segunda fase, ao igual que o CB Ría de Ribadeo, segundo clasificado.


3

ESPECIALISTA EN TRIPLOS

Dani López, elixido MVP de Segunda División júnior, destacou ao longo da temporada polo seu acerto nos tiros de tres. O xogador de Hierros Ferreiro foi o máximo anotador de triplas da liga

“Había outros xogadores que tamén merecían gañar este MVP. Dedicollo aos compañeiros e á familia e sobre todos aos adestradores que tiven desde pequeno, especialmente a David Martínez, que mo ensinou todo, e a Rubén Engroba e Óscar Engroba, dos que tamén aprendo moito”

DANI LÓPEZ Hierros Ferreiro



O quinteto ideal de Segunda División júnior masculino escoltado por Pablo Ferreiro, Esther Castedo e a mascota Maximus



Terio Carrera conversa con Dani López, MVP da Segunda División Júnior masculina



Juan, de Hierros Ferreiro, saudando ao león Maximus



Os campións provinciais posan con Ferreiro e Castedo tras recibiren os seus galardóns



As integrantes do quinteto ideal de Segunda División Júnior feminina posan co técnico José Vázquez, xunto ao xogador Pablo Ferreiro e ao concelleiro de Deportes Miguel Fernández

Equipo ideal de Segunda División Júnior

XOGADORAS DE RÍA DE RIBADEO E ENSINO completaron o equipo, dirixido por Jose Vázquez

O quinteto ideal da Segunda División Júnior feminina foi o terceiro en subir ao escenario do auditorio de Veterinaria. O xogador lucense Pablo Ferreiro e o concelleiro de Deportes de Lugo Miguel Fernández agardaban para entregar os galardóns ás cinco mellores xogadoras da categoría: Adriana López e Carmen Fernández, de Ensinho Lugo, e Fátima Fernández, Jessica Fernández e Ana Canel - unha habitual nos Premios Líder- do CB Ria de

Ribadeo. O técnico mariño, José Vázquez, que converteu o seu equipo na revelación da liga, foi o elixido para dirixir este conxunto ideal, repleto de líderes natas. Todas elas aspirantes a recibir o MVP da categoría que, finalmente, foi para as mans de Jessica Fernández, de quen se destacou a súa xenerosidade para asistir e "facen mellores" ás súas compañeiras, unha faceta que non lle impediu posicionarse como a máxima anotadora do equipo con 307 puntos ao longo da

temporada. Tras a entrega do MVP, subiron ao escenario o resto das integrantes do CB Ria de Ribadeo, que se proclamaron campioas de liga na penúltima xornada. As mariñas remataron a primeira fase con sete vitorias e só unha derrota, destacándose como equipo revelación da liga e clasificándose para xogar a segunda da competición no Grupo I. Unha meta que tamén logrou o Ensinho, segundo mellor equipo lucense da categoría.



“Estar na gala e recibir o MVP foi unha forma moi bonita de rematar a temporada. Non esperaba ser a elixida, había moi boas xogadoras dentro do quinteto ideal”

JESSICA FERNÁNDEZ CB Ribadeo

2

EQUIPOS NO QUINTETO IDEAL
CB Ria de Ribadeo e Ensinho Lugo foron os conxuntos representados no quinteto ideal da Segunda División Júnior Feminina

8

DORSAL DA MVP
Co 8 na camiseta, Jessi Fernández comandou a un CB Ria de Ribadeo que foi o equipo revelación da categoría



Pablo Ferreiro entrégalle o premio a Jessica Fernández ante a mirada de Ana Canel



As xogadoras e o técnico do Ribadeo, campioas provinciais, posan cos seus galardóns



Terio Carrera conversa con Jessica Fernández despois de recibir o premio de MVP júnior

O quinteto ideal cadete masculino Segunda División

A ALCALDESA, LARA MÉNDEZ, E MANUEL DURÁN entregáronlle os trofeos personalizados a cada un dos premiados que conformaron o mellor equipo da tempada nesta categoría

Ata catro xogadores da mariña formaron o mellor quinteto da categoría cadete provincial masculina. Iker Sama, do Ria de Ribadeo, Xose Ramallal, de CB Viveiro e Mario Rubal e Hugo Cobas de San Ciprián acompañaron ao celeste Lucas García, de Estudiantes Azul. Manolo Cobas, de San Ciprián, foi elixido polo resto de técnicos da categoría como mellor adestrador, e recolleu tamén o premio do seu fillo Hugo, que non puido estar presente. Así mesmo, o xogador júnior de Viveiro, Diobis, encargouse de recoller o premio en nome de Xose.

Liga regular. O conxunto mariño atópase agora mesmo inmerso na fase de ascenso á Liga autonómica tras gañar esta fin de semana a Basquet Coruña por 47-34.

1

MVP Mario Rubal, de Distribuciones Carreira San Ciprián, foi elixido como mellor xogador da categoría

4

MARIÑAOS formaron o mellor quinteto cadete, que completaba o celeste Lucas. Manolo Cobas, de San Ciprián foi elixido mellor adestrador

A alcaldesa Lara Méndez e Manuel Durán foron os encargados de repartir os premios e de galardonar a Mario Rubal co MVP da categoría. O pivot mariño xa fora premiado a temporada pasada no quinteto ideal infantil, e nesta ocasión alzouse tamén co recoñecemento ao mellor da temporada. É un dos xogadores máis determinantes na zona grazas ao seu físico e tamén un gran reboteador.

Acto seguido, o resto de xogadores de Distribuciones Carreira San Ciprián subiron ao escenario para recibir un póster como premio ao título provincial, que conseguiron cun balance de quince vitorias e tan só unha derrota na



O mellor quinteto cadete masculino estivo composto por xogadores de San Ciprián, Viveiro, Ribadeo e Estudiantes

“A Gala foi moi entretida e emocionante. Non me esperaba gañar o premio MVP, gustárame dedicarllo ao meu adestrador e aos meus compañeiros”

MARIO RUBAL CB San Ciprián



Mario Rubal foi o MVP da categoría e recibiu o premio de mans de Manuel Durán



A alcaldesa repartindo os posters aos xogadores de San Ciprián, campións provinciais



O cadro do San Ciprián posa xunto con Lara Méndez, Manuel Durán e Maximus



O quinteto ideal cadete feminino Provincial estivo formado por xogadoras do Ensino, Ría de Ribadeo, Terras da Mariña e Estudiantes, e tivo a Sise Peinó como mellor adestrador

Equipo ideal 2019 cadete femenino Segunda División

SISE PEINÓ, DO ESTUDIANTES, saíu elixido como mellor adestrador dun conxunto formado por xogadoras do Ría de Ribadeo, Terras da Mariña, Ensino e Estudiantes. Irene Logares foi a MVP

A Alcadesa de Lugo, Lara Méndez, e o Concelleiro de Deportes Miguel Fernández, foron os encargados de entregar os premios ao mellor equipo da tempada cadete feminino de Segunda División e ao Campión Provincial da categoría, o Club Baloncesto Ría de Ribadeo.

O mellor quinteto 2019 de Segunda División cadete feminino estivo formado por Lara Díaz, do Ensino, Rebeca López do Terras da Mariña, Irene

Garrote do Estudiantes e Irene Logares e Aldara Vijande do Club Baloncesto Ría de Ribadeo, sendo o mellor adestrador da categoría Sise Peinó, do Estudiantes Leyma.

O mellor equipo cadete feminino saíu trala votación de todos os adestradores e tivo como MVP á xogadora do Ría de Ribadeo Irene Logares, que recibiu o premio da man da Alcadesa de Lugo Lara Méndez e o Concelleiro de Deportes Miguel Fernández.

1

MVP
Irene Logares, xogadora de Ría de Ribadeo, foi a MVP da categoría, tras realizar unha gran temporada

6

XOGADORAS de Ría de Ribadeo e o seu adestrador, Jose Vázquez, subiron ao escenario a recoller un premio como campioas provinciais da categoría



“Foi unha Gala moi emocionante, encantoume compartila coas miñas compañeiras. Sinceramente, non esperaba o MVP, hai moi boas xogadoras e a miña compañeira Aldara tamén fixo unha gran temporada. Gustariame dedicarllo a todo o equipo, ao meu adestrador, Jose Vázquez, e a toda a afección que tanto nos apoiou durante este ano” **IRENE LOGARES** Ría de Ribadeo



O CB Ribadeo, campión provincial cadete feminino, recibiu un premio polo título de Liga



A mariñá Irene Logares xunto á alcaldesa, Lara Méndez, e ao concelleiro Miguel Fdez



Álvaro Ben, Pablo Díaz, Manu Moinelo, Carlos Bris, Julián Longarela, Rubén Engroba e David Piñeiro cos seus premios xunto a Pablo Ferreiro, Lara Álvarez e a mascota Maximus

Equipo ideal de segunda infantil

JULIÁN LONGARELA, DE SAGRADO CORAZÓN, FOI ELIXIDO MVP DA CATEGORÍA, como integrante dun quinteto que completaron Pablo Díaz, Carlos Bris, Álvaro Ben e Manu Moinelo

O quinteto ideal da Segunda División infantil masculina foi o máis diverso dos elixidos esta temporada, ao incluír xogadores de ata cinco equipos.

Pablo Díaz, do Ensino, Carlos Bris, do CB Viveiro, Álvaro Ben, do CB Burela, Manu Moinelo, do CB Celtas e Julián Longarela, do Sagrado Corazón, subiron ao escenario para recoller os premios personalizados que recoñecen a boa temporada realizada a nivel individual, dacordo coas votacións dos adestradores dos seus rivais. Os técnicos de Sagrado

Corazón, Rubén Engroba e David Piñeiro, completaron o quinteto ideal da categoría.

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e o xogador Pablo Ferreiro, encargáronse de repartir os galardóns aos premiados. Despois, revelou-se o nome do MVP da categoría, que recaeu en Julián Longarela.

O base de Sagrado Corazón, que durante a temporada alternou o equipo infantil na liga provincial e co preinfantil na liga galega, encadeou exhibición tras exhibición nas dúas categorías.

A súa achega foi fundamental na consecución do título provincial por parte do Sagrado Corazón, que selou o campionato na última xornada despois dun esixente sprint final no que tamén competiu polo título o Ensino.

Todos os integrantes do equipo colexial subiron tamén ao escenario para recibir os posters que lles recordarán unha temporada para non esquecer e que aínda non rematou.

Os colexiais seguen acumulando experiencia coa disputa da fase de ascenso.



“Dedico o trofeo aos adestradores, aos compañeiros de equipo e á miña familia. Non esperaba o premio pero, polas valoracións dos adestradores, cría que tiña opcións” **JULIÁN** Sagrado

378

PUNTOS ANOTADOS
Julián Longarela anotou 378 puntos nos partidos que disputou na liga provincial, que alternou con exhibicións tamén na Liga Preinfantil

5

EQUIPOS NO QUINTETO IDEAL
Sagrado Corazón, Ensino, Celtas, CB Viveiro e CB Burela están representados no conxunto ideal de Segunda División infantil, elixido por votacións



Os integrantes de Sagrado Corazón posan cos posters de campións provinciais



Terio Carrera entrevista a Julián Longarela tras ser elixido mellor xogador da categoría

Equipo ideal 2019 infantil femenino Segunda División

O SEXTETO, DADO UN EMPATE NAS VOTACIÓNS, estivo formado por xogadoras de Galén Ensino, Franciscanos, Academia a Mariña CB Burela e Ensino. Aigor Romo foi o mellor adestrador

Os premios ao mellor equipo infantil feminino de segunda división foron uns dos últimos da tarde, e encargáronse de reparitos Moncho Alonso, de Cafes Candelas, e Manuel Durán, de Durán Maquinaria Ensino.

O equipo estivo formado por seis xogadoras tras un empate nas votacións entre Marta Amarello, de Galen Ensino, e Emma Méndez, do Ensino Acompañáronnas no escenario Carolina Fernández, tamén de Ensino, as colexiais de Franciscanos Celia e Pilar e a burelá Sara Pedreira, de Academia A Mariña. Esta última foi elixida como MVP dun equipo que tería como adestrador a Aigor Romo, que este ano levou a Ensino ao subcampeonato provincial tras perder só un partido, o último, ante Academia A Mariña CB Burela, que se proclamara campión tras unha prórroga no Anexo.

Sara compaxina os

6

XOGADORAS formaron o equipo ideal infantil feminino provincial, tralo empate a puntos nas votacións de Marta Amarello e Emma Méndez. E no que a burelá Sara Pedreira foi a MVP

adestramentos diarios do club mariñao subiron tamén a Lugo unha vez á semana para entrenar con Estudiantes, e foi unha das pezas clave do conxunto de Carlos Madar ao longo desta temporada.

Todas as xogadoras do club mariñao subiron ao escenario para recibir un póster como campioas da Liga. Este título deulles dereito a loitar por unha praza na Liga Galega infantil feminina a próxima temporada nunha fase de ascenso que están disputando e na que gañaron esta fin de semana a Baxi Ferrol por 56-49.

“A Gala foi moi entretida, emotiva e emocionante. As seis xogadoras de este ano tiñamos opcións de gañar o MVP. Gustárame dedicarllo á miña familia, que son o meu gran apoio, e ás miñas compañeiras, somos un equipo en maiúsculas” SARA PEDREIRA CB Burela



Aigor Romo, adestrador de Ensino, xunto ás 6 mellores xogadoras infantís. Moncho Alonso e Manuel Durán



Sara Pedreira, MVP da categoría infantil feminina, falando co Terio tras recibir o premio



As xogadoras de Academia A Mariña CB Burela subindo ao escenario



Todas elas recibiron un póster como premio ao campionato de Liga infantil provincial

Campións mini e preminibasket

MARÍA AUXILIADORA, CB SARRIA E CB CELTAS foron recoñecidos como mellores equipos da provincia nas súas categorías. Todos os seus integrantes recibiron un póster de recordo

Os campións provinciais de minibasket e preminibasket tamén recibiron o seu recoñecemento na gala. Os integrantes de María Auxiliadora, Oribio Construcciones CB Sarria e CB Celtas Martínez Otero - Burela recibiron, da man de Lara Méndez e Manuel Durán, cadanseu póster, recordo dunha temporada que concluíron como mellores equipos lucenses nas súas respectivas categorías.

A espontaneidade dos máis pequenos sobre o escenario propiciou algúns dos momentos máis divertidos da tarde.

O Oribio Construcciones CB Sarria foi o máis madrugador dos tres campións. O equipo amarelo alzouse co título en abril tras gañar un duelo directo co seu maior rival, Estudiantes Azul.

O María Auxiliadora, proclamouse campión de

Preminibasket feminino tras un intenso pulso co Adrián Salgado CB Sarria na cima da clasificación.

As colexiais e os sarriaos aínda seguen inmersos na competición xa que están a disputar a Liga Galega de Preminibasket cos mellores equipos galegos da categoría.

O CB Celtas, campión de Segunda División minibasket masculina, mantivo unha posición hexemónica durante toda a campaña e culminou a liga sen perder ningún encontro.

Minibasket feminino

O elenco de campións completárase coas gañadoras da final de Segunda División minibasket feminino que están a disputar o María T. Martínez Dental e o Alas de Mariposa CB Burela. As campioas da categoría coñeceranse aínda vindeira fin de semana.



Os xogadores do CB Celtas Martínez Otero-Burela moi sorridentes no escenario tras recibiren os premios de campións



As xogadoras de María Auxiliadora subindo ao escenario



Os xogadores de CB Sarria saudando á mascota celeste



Os xogadores e técnico de CB Sarria posan cos seus diplomas xunto a Lara Méndez, Manuel Durán e Maximus



Terio Carrera conversa con Esteban e Álvaro, do Celtas



As xogadoras e adestradora de María Auxiliadora posan cos premios xunto a Lara Méndez, Manuel Durán e Maximus

Os Campus Álex Llorca e EntreNos presentes na Gala

O MARIÑO PREMIOU Á MVP 2019, ZELTIA PRESAS, cunha beca para adestrar con xogadores profesionais esta tempada, e o capitalino agasallou a todas as premiadas cun vale de desconto

Como vén facendo Lider nas súas publicacións semanais, a gala tamén deu eco a iniciativas de promoción do baloncesto base que se desenvolven na provincia.

O acto puxo o foco nos Campus Álex Llorca e EntreNos que se celebrarán ao longo do verán en Lugo e en San Cibrao.

Campus Álex Llorca

A organización do campus capitalino obsequiou ás 37 xogadoras premiadas na gala –as elixidas para os equipos ideais das diferentes categorías– cun vale de desconto para acudir á súa cuarta edición, do 8 ao 14 de xullo.

O agasallo incentiva a participación das xogadoras nunhas xornadas formativas e de ocio orientadas a mellorar as capacidades físicas, técnicas e psicolóxicas dos participantes nun ambiente lúdico.

O gran reclamo do Campus, organizado pola Asociación Xuvenil Sagrado

Corazón, é a presenza do ex xogador do Breogán, agora no Fuenlabrada, que estará presente en todas as actividades, ao igual que o seu director técnico, Mateo Rubio.

EntreNos

O Campus, organizado pola Asociación Deportiva e Cultural Entrenos, tamén quixo sumarse aos recoñecementos cun agasallo á MVP da temporada. A estudiantil Zeltia Presas recibiu, da man da súa antecesora no trono, Esther Castedo, unha beca completa para participar no campus.

A bolsa, valorada en 360 euros, permitiralle adestrar cos xogadores profesionais que acudirán ao campus, coma Erik e Sergi Quintela, Adrián Chapela, Paula Ahuja ou a propia Esther Castedo.

A MVP desfrutará de pensión completa durante os días nos que se desenvolverá o campus, do 30 de xuño ao 6 de xullo.



Zeltia Presas recibiu unha beca para adestrar cos xogadores profesionais que participarán no Campus EntreNos



As 37 xogadoras premiadas na gala recibiron, ademais dos premios personalizados, un vale de desconto para participaren no Campus Álex Llorca, que se celebra do 8 ao 14 de xullo



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

ZELTIA PRESAS

A MVP DO BALONCESTO BASE LUCENSE 2019 remata a súa etapa de formación con este premio e o recoñecemento de compañeiras e rivais

O MVP do baloncesto base feminino volveu ser para unha xogadora en idade júnior, a terceira consecutiva tras Alba Prieto no 2017 e Esther Castedo no 2018. Zeltia Presas, xogadora do Estudiantes Leyma, puxo fin á súa etapa de formación recoñecida como a mellor xogadora do basket base lucense, un premio ao que xa foi candidata en outras ocasións pero que finalmente, a base de insistencia, esforzo e calidade recaeu no seu poder esta tempada.

Cando te iniciaches no baloncesto?

Empecei con 3 anos en psicomotricidade na fundación Breogán e a xogar coas escolas de Estudiantes cando tiña 5 anos.

Cales son os teus primeiros recordos?

Ao principio, cando empecei en escolas, non podía xogar por idade, pero despois si que se admitiu tramitar a miña ficha e acabei xogando, sendo así a máis pequena do equipo. Acórdome que o que máis facía era correr dun lado para outro da pista, e a ilusión da semana era que chegase o sábado para poder xogar.

Que foi o que te enganhou realmente a este deporte?

En casa sempre se falaba e se se vía baloncesto, cando empecei gustoume porque me divertía moito xogando e adestrando. Enganchándome a este deporte cada vez máis co paso dos anos.

O mellor recordo que che queda da túa etapa de formación?

Todos os campionatos de España aos que fun, tanto de clubs coma de seleccións. En especial o deste ano de clubs, por ser o último na miña etapa de formación, pechando así un gran ciclo.

Disputaches Campionatos de España de clubs e seleccións, con que te quedas desas experiencias?

Poder competir a un gran nivel contra os mellores equipos de España. No caso dos de seleccións tamén as amizades que se fan e que perduran no tempo.

E dos adestradores, o que máis te marcou e por que?

Todos os que me adestraron aportáronme algunha cousa positiva, pero eu quedáriame con Fernán Varela, que

foi co que máis tempadas puiden compartir, e con Julia Pena que confiou e apostou por min para xogar no equipo júnior sendo aínda cadete de primeiro ano.

O mellor equipo no que xogaches?

Todos os equipos de Estudiantes dos que formei parte foron moi bos e especiais polas compañeiras e adestradores que tiven ao meu lado.

A mellor xogadora coa que xogaches e á que te enfrontaches?

Dos meus anos na selección destacaría a Raquel Carreira do Celta de Vigo, que é unha xogadora alta, moi versátil e que fai que o xogo en equipo sexa máis fácil; en Estudiantes destacaría a Esther Castedo, xa que é unha xogadora moi determinante, que xoga e fai xogar ao equipo. Tiven a sorte de poder enfrontarme a Branca Millán sendo aínda cadete de primeiro ano e a Julia Soler, neste último campionato de España que dispuetei, e a verdade é que son dúas xogadoras que me impresionaron.

Toda unha traxectoria en Estudiantes, que significa o club para ti?

Para min Estudiantes é o club da miña vida xa, que no baloncesto deumo todo, como xogadora e como persoa. Cando estaba pasando por malos momentos sempre houbo alguén que se preocupou por min e estivo ao meu lado.

Algunha vez tiveches ofertas ou a tentación de saír de Estudiantes?

Si, tiven algunha oferta doutros clubs pero preferín seguir a miña traxectoria en Estudiantes e o tempo polo que se veí deume a razón.

Varios anos premiada nas Galas Lider, que recordos tes?

Das galas Lider sempre teño bos recordos, xa que paseino moi ben nelas. Son especiais ao remate da tempada, é unha festa do baloncesto.

Esperabas ser a MVP 2019 do baloncesto base lucense?

Non, xa que había outros compañeiros que podían ser galardonados, aínda que sempre tes a esperanza de poder ser a elixida coma finalmente sucedeu.

Que consello lle darías a todas as mozas que están empezando a xogar ao baloncesto?

Que é un xogo, que se divirtan e nos adestramentos e partidos dean o máximo todos os días para poder chegar a ser mellores xogadoras e persoas.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

